1. COMENTARIO DE TEXTO

Había outra (industria) que interesaba en gran maneira ao benestar do labrego e aos progresos da agricultura, en toda a provincia, e con especialidade nos distritos de Viveiro, Ribadeo, Mondoñedo, Sarria e Chantada fabrícanse lenzos comúns , e algúns de calidade superior, co liño que produce o país, ou introducíase das provincias de Castela ou do estranxeiro. Cada familia adoitaba comprar algunhas arrobas, e reunidas as mulleres nas longas veladas de inverno, ocupábanse de fiar na roca e ás veces cunha perfección admirable. A este traballo sucedíase o branqueo por un procedemento moi sinxelo, e por último pasaban as madeixas ao tear, que frecuentemente manexaba unha persoa da mesma familia. Deste xeito, mentres o rigor da estación obrigaba aos varóns a suspender os traballos da terra, dedicábanse as femias á roca e ao tear, contribuíndo en gran parte á prosperidade da casa coas ganancias dos lenzos que lles vendían aos negociantes deste xénero (…).

No presente desapareceu esta industria: as teas non teñen saída porque faltan pedidos, e as nosas labregas crúzanse de brazos nas noites de inverno, limitándose a fiar aquilo moi preciso e indispensable para o consumo da familia (…). A falta de dereitos protectores e a introdución de fiazas estranxeiras acabaron con esta industria, que esparexía o benestar dos campos, e fomentaba a agricultura. Cando son tantos os miramentos para a industria algodoeira; cando se toman precaucións meticulosas para impedir que sexa prexudicada pola competencia de xéneros estranxeiros, ¿non é xusto que se dispense unha parte desa protección esaxerada a este pobo tan pacífico e leal, tan laborioso e exacto no pagamento das contribucións de toda especie? (…).

Castro Bolaño, J. *Memoria sobre la agricultura de la provincia de Lugo*, 1850. (Traducido do castelán)

1. Ponlle título a este texto e sitúao cronoloxicamente
2. Comenta brevemente a idea principal do texto e a súa repercusión posterior
3. Enumera os factores que contribuíron a decadencia do sector
4. Avalía as consecuencias desta decadencia para a evolución da economía galega